

Trinta e catro persoas participan na acción formativa organizada polo Concello de Verín, a través da Escola de Familia municipal,  destinada á preparación das probas libres para a obtención do graduado en ESO que se desenvolven durante os meses de maio (día 27) e setembro (día 8) de 2016.

As probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria constitúen unha vía extraordinaria para acceder a titulación básica oficial do sistema educativo, permitindo ademais a continuación dos estudos de Bacharelato ou de ciclos formativos de grao medio de Formación Profesional ou de Artes Plásticas e Deseño. Para presentarse a estas probas, dirixidas a maiores de 18 anos ou que cumpran esta idade no 2016 e aínda non teñan esta titulación, non é necesario ningún requisito académico (con todo, as persoas interesadas poden estar exentas de realizar algunha proba, en función dos estudos previamente realizados).

As persoas interesadas en inscribirse en devandita acción formativas para a preparación da probas libres convocadas para o 8 de setembro, poden facelo do 1 ao 8 de xullo no servizo de Educación Familiar (Avda. de Portugal, 11 bis), no correo electrónico educadorafamiliar@verin.net ou no teléfono 988-414776; ou tamén no no edificio municipal do Lavadoiro (situado na esquina das rúas Rosalía de Castro e Lavadoiro) ou no teléfono 988-411468.

Esta acción formativa atópase enmarcada dentro da iniciativa Escola de Familia Municipal, posta en funcionamento polo departamento de Servizos Sociais do Concello de Verín, e na que tamén se inclúen outras actividades como 'Kero-Informátika', 'Kero-Kolo', 'Kero-Kedar, Club de Calceta 'Tecendo Soños', ou accións formativas de reforzo educativo entre outras. A iniciativa da Escola de Familia Municipal naceu como lugar de encontro, de formación e de intercambio de ideas, experiencias e actividades para todos/as verinenses, que incremente a sensibilización cidadá neste sentido. Está enfocada cara o desenvolvemento positivo de actividades que potencien competencias e actitudes cun carácter pragmático, con mensaxes sinxelos e claros entre as persoas participantes, na que se traballará o esforzo, a cooperación, a responsabilidade, igualdade, autonomía, respecto, aprendizaxe continuo, desexo de saber, creatividade, espírito crítico, asunción de riscos e aceptación de erros.